



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

21 de xuño 2024

-Últimos días para inscribirte no Encontro ClubUE!

Intercambio de experiencias e formación en Oviedo xunto a compañeirxs do ClubUE!
Non perdas esta oportunidade, mira o programa e anótate xa!

-Prácticas no Banco Central Europeo - varias datas

Abertas varias prazas de formación remunerada, por seis meses, na Autoridade Bancaria Europea en Frankfurt.

-Bolsas destinadas ao alumnado das universidades públicas de Galicia que participa en programas de mobilidade con países extracomunitarios, fóra do programa Erasmus Plus - ata o 22 de xullo

Bolsas da Xunta para programas de mobilidade de polo menos tres meses no curso académico 2024/25.

-Bolsas para a formación especializada en áreas e materias educativas do Ministerio de Educación - ata o 10 de xullo

Bolsas remuneradas dun ano para realizar formación na Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación durante o curso 2024-2025.

-Axudas para cursos de inmersión en lingua inglesa da Universidade Internacional Menéndez Pelayo - ata o 10 de xullo

Convocadas 3.165 axudas para cursos de cinco días de inglés dirixidas a alumnado universitario, de Ensinos Artísticos Superiores, FP Superior ou último curso de Bacharelato, durante o ano 2024.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765

-Axudas para cursos de inmersión en lingua inglesa para profesorado organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo - ata o 10 de xullo

Convocadas 585 axudas para cursos de inglés de cinco días durante 2024 para mestres e persoas con máster de profesorado.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:

-Voluntariado de inclusión para mulleres e estudantes con discapacidades en Bolivia - ata o 30 de xullo

Traballo durante un ano para promover a inclusión e a loita contra a violencia sobre a muller en Cochabamba.

-Traballos de apoio para persoas que buscan asilo en Islandia - ata o 28 de xuño

Cruz Vermella busca unha persoa voluntaria para traballar en actividades sociais e proxectos con persoas refuxiadas en Islandia.

E lembra!

-Oposicións da Unión Europea nos ámbitos da estatística e a xestión de crises, migración e seguridade interior - ata o 9 de xullo

A Comisión Europea abre proceso de oposicións para postos de datos e estatísticas, estatísticas macroeconómicas, xestión de crises e migración e seguridade interior.

-Prácticas na Axencia Europea de Seguridade Marítima - ata o 28 de xuño

Formación remunerada dun ano para diferentes perfís profesionais na sede da axencia en Lisboa.

-Formación remunerada na axencia europea eu-LISA - ata o 15 de xullo

Seis meses de formación remunerada para diferentes formacións relacionadas coa IT en Estrasburgo.





Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

